



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Anuncio aprobación inicial da modificación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña

ANUNCIO

Aprobación inicial e período de información pública da modificación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña (PMPDIF)

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de decembro de 2025, por unanimidade e de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, aprobou inicialmente a modificación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña.

Na mesma sesión acordouse someter o devandito documento ao trámite de información pública polo prazo de trinta (30) días, contado a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), co fin de que os interesados poidan formular as correspondentes alegacións e suxestións

Do mesmo xeito, na devandita sesión plenaria acordouse someter a modificación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, con carácter previo á súa aprobación definitiva, ao informe preceptivo da Dirección xeral competente en materia forestal.

O documento da modificación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña estará disponible para a súa consulta en formato papel nas oficinas de Medio Ambiente, sitas na rúa Pedro Ferrer s/n, edificio Casa da Auga, 5ª andar, e en formato dixital na web www.coruna.gal/medioambiente.

A Coruña, 15 de decembro de 2025

A Xefa do Servizo de Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves

2025/8382